

## ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2024/11	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

**Tipo Convocatoria:**

Ordinaria

**Data:**

4 de xullo de 2024

**Duración:**

Desde as 21:05 ata as 22:33

**Lugar:**

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

**Presidida por:**

Gonzalo Louzao Dono

**Secretaria:**

María Jesusa Fernández Bascuas

### ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
	JESSICA RODRÍGUEZ CALVIÑO	SÍ
	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
	JOSÉ CONDE TRASANDE	SÍ
	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
	MARIA DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ





	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	MARÍA CARMEN MURILLO RODRÍGUEZ (Interventora)	NON
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	NON
	RICARDO CASTRO CAMBA	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### **APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 6 DE XUÑO DE 2024**

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 6 de xuño de 2024, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

#### **Expediente 3581/2023. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE E HORARIO DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DESTA CORPORACIÓN.**

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

#### **Feitos e fundamentos de dereito:**

Visto o acordo adoptado polo Pleno en sesión celebrada o 23 de xuño de 2023, polo que se determina unha periodicidade mensual para as sesións ordinarias do Pleno desta corporación, celebrándose de maneira ordinaria ás 20:30 horas do xoves de cada mes, agás nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro en que o horario de celebración será ás 21:00 horas.

Vista a demanda dos voceiros dos grupos municipais polo horario das sesións ordinarias durante os meses de verán, propoñendo que este sexa eliminado, manténdose o horario establecido das 20:30 para todo o ano.

Vista a proposta de resolución PR/2024/1267, emitida con data 20/06/2024 pola Alcaldía-





Presidencia.

Visto o ditame favorable adoptado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais en sesión celebrada o 25/06/2024.

Debatido o asunto, sométese a votación, sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

### **Resolución:**

**Primeiro.-** Deixar sen efecto o acordo adoptado na sesión plenaria do 23 de xuño de 2024, en relación coa periodicidade e horario das sesións ordinarias do Pleno desta corporación.

**Segundo.-** Determinar unha periodicidade mensual para as sesións ordinarias do Pleno da Corporación. As sesións celebraranse ordinariamente o primeiro xoves de cada mes, sendo o horario de celebración as 20:30 horas.

**Terceiro.-** Facultar ao alcalde para modificar, por causa xustificada, a data de celebración da sesión ordinaria, adiantando ou atrasando o día de celebración nun intervalo máximo de sete días naturais, conservando o carácter de ordinaria.

<b>Expediente 4037/2024. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE INSTALACIÓN NO CONCELLO DE A ESTRADA DUN PUNTO DE ACTUACIÓN DE DOCUMENTACIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DA POLICÍA</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

### **Feitos e fundamentos de dereito:**

Visto o escrito remitido a este Concello pola Dirección Xeral da Policía - Comisaría Provincial de Pontevedra mediante o que comunican a posta en marcha dun proxecto de instalación de Puntos de Actualización de Documentación (PAD) en Concellos nos que a Policía Nacional non ten actualmente dependencias físicas permanentes.

Visto que este proxecto pretende achegar a Administración e brindar un servizo máis accesible á cidadanía, falicitando xestións que, ata agora, requerían o desprazamento a outras localidades.

Visto que, segundo o escrito remitido, estes puntos de actualización presentan os seguintes beneficios para a cidadanía:





- Comodidade: Podrán realizarse trámites, tales como renovar as claves e certificados do DNI directamente, evitando desprazamentos innecesarios.

- Aforro de tempo: Ao eliminar a necesidade de desprazarse a outras cidades, reducindo o tempo adicado ás xestións.

- Maior accesibilidade: Os Puntos de Actualización de Documentación están ubicados estratéxicamente para garantir que toda a cidadanía teña acceso a este servizo.

Vista a proposta de resolución PR/2024/1256, emitida con data 19/06/2024 pola Alcaldía-Presidencia.

Visto o ditame favorable adoptado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais en sesión celebrada o 25/06/2024.

Debatido o asunto, sométese a votación, sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

### **Resolución:**

Aprobar a instalación no Concello da Estrada dun Punto de Actualización de Documentación da Dirección Xeral da Policía.

## **FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Antes de pasar ao apartado de Actividade de Control, o **señor alcalde** advirte da existencia dunha moción de urxencia presentada polo grupo municipal do BNG en relación coa necesidade de realizar melloras na N-640 e impulsar a variante da Estrada.

Concedida a palabra ao voceiro do grupo do BNG, D. Xoán Reyes Villar, explica a urxencia da moción, a cal figura transcrita na nomeada moción do seguinte xeito:

*“Esta mesma semana produciuse outro novo accidente no paso de peóns da casa das letras. Este accidente únese a tantos outros que se producen nese punto concreto e en xeral en todo o recorrido da N640 polo noso Concello. Recentemente, o BNG cuestionou ao Goberno Estatal pola situación tanto deste punto, como da variante. Estas preguntas foron respondidas de xeito pouco satisfactorio, xa que nos contestaron con información repetida, sen mostrar ningún tipo de interese en solucionar o problema (é dicir, que non se considera un tramo de concentración de accidentes, e que a variante segue pendente do contrato de asistencia técnica para redacción do proxecto). Así, dende o BNG da Estrada consideramos que non se pode permitir que haxa máis accidentes nin máis atropelos neste tramo da N-640, e que por iso é urxente que este pleno inste ao Ministerio de Transportes a tomar medidas de seguranza neste tramo da N-640 que*





*atravesa a Estrada.”*

Sometida a urxencia a votación, esta é aprobada por unanimidade, procededóndose a incluír o expediente da moción na orde do día desta sesión para o seu debate e adoción do correspondente acordo:

<b>Expediente 2536/2024. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG POLA QUE PROPÓN INSTAR AO MINISTERIO DE TRANSPÒRTE E MOBILIDADE SOSTÍBEL Á REALIZACIÓN DE MELLORAS NA N-640 E IMPULSAR A VARIANTE DA ESTRADA</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

### **Feitos e fundamentos de dereito:**

Vista a moción de urxencia presentada con data 04/07/2024 (registro de entrada 2024-E-RPLN-5) polo grupo municipal do BNG, dimanante doutra co mesmo texto de 14/04/2024 (pendente de ser tratada na correspondente Comisión Informativa), cuxo texto literal é:

#### *“MOTIVO DA URXENCIA*

*Esta mesma semana produciuse outro novo accidente no paso de peóns da casa das letras. Este accidente únese a tantos outros que se producen nese punto concreto e en xeral en todo o recorrido da N640 polo noso Concello. Recentemente, o BNG cuestionou ao Goberno Estatal pola situación tanto deste punto, como da variante. Estas preguntas foron respondidas de xeito pouco satisfactorio, xa que nos contestaron con información repetida, sen mostrar ningún tipo de interese en solucionar o problema (é dicir, que non se considera un tramo de concentración de accidentes, e que a variante segue pendente do contrato de asistencia técnica para redacción do proxecto). Así, dende o BNG da Estrada consideramos que non se pode permitir que haxa máis accidentes nin máis atropelos neste tramo da N-640, e que por iso é urxente que este pleno inste ao Ministerio de Transportes a tomar medidas de seguranza neste tramo da N-640 que atravesa a Estrada.*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*A estrada N-640 é a columna vertebral do noso concello, ao longo da cal medrou e articulouse a nosa vila, así como unha parte importante das nosas parroquias. É paso obrigado para enlazar coa AP-53 no Alto da Rocha, así como para desprazarse aos concellos de Silleda, Lalín, Cuntis, Caldas de Reis, Moraña e Pontevedra, entre outros.*

*A N-640 atravesa o casco urbano da Estrada ao longo de case tres quilómetros, un itinerario con 18 pasos de peóns, 10 dos cales están regulados por semáforos, unhas medidas de seguranza vial claramente insuficientes, xa que nos últimos seis anos, vén soportando un incesante número de accidentes ao seu paso polo núcleo urbano do concello.*





*En numerosas ocasións alertamos ao Ministerio de Transportes sobre o perigo da N-640 ao seu paso tanto polo núcleo urbano da Estrada como por outros núcleos de poboación deste concello como Matalobos, Lagartóns, Ponte Liñares, O Sol e O Foxo. Trátase dun tramo de 27 quilómetros que discorre por áreas con poboación dispersa e carentes dos necesarios elementos de seguranza viaria para evitar accidentes e atropelos. Unha situación especialmente preocupante na zona urbana en que o número de accidentes segue en aumento. Así, nos últimos seis anos contabilizáronse 10 accidentes, dous deles con vítimas mortais: en setembro de 2019 morría atropelado un home diante do consistorio e en agosto do ano pasado morría, tamén atropelada, unha persoa maior. O último accidente produciuse onte mesmo, 3 de xullo, cando unha muller foi arroiada en fronte á casa das letras e sufriu feridas de diversa consideración.*

*O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostíbel debería analizar con detemento que ocorre nun tramo de 2,7 quilómetros de lonxitude, que conta con 18 pasos de peóns e 10 semáforos pero que se demostrou insuficiente para evitar os atropelos, xa que hai que ter en conta que todos os accidentes producíronse de día e en condicións de boa visibilidade.*

*Entendemos que deben adoptarse as medidas necesarias para reducir os accidentes de tráfico neste percorrido. Poida que todos estes accidentes, que deron lugar a feridos e mesmo mortos, non cumpran os parámetros que establece o Ministerio de Transportes para que considere o citado tramo da N-640 como un “punto negro”, porén poñen claramente en evidencia que existe a necesidade de reforzar as medidas de seguranza viaria tanto no núcleo urbano como nas distintas parroquias do municipio. Os datos falan por si mesmos e non caben xa excusas ou demoras para dar solución a un problema que causa alarma entre os veciños e veciñas.*

*Desde o noso punto de vista, a solución de fondo consiste en diminuír o paso de vehículos do centro da Estrada coa construción da Variante. Esta é a única alternativa para reducir o tráfico e con iso, reducir tamén o perigo que supón o incesante tráfico nesta vía. Con todo, é un proxecto que leva décadas de atraso, con trámites burocráticos que non avanzan, a pesar das mocións aprobadas por unanimidade ao longo de todo este tempo. Na penúltima resposta do Ministerio ao BNG, de finais de setembro de 2023, indicábase que a Variante da Estrada “está pendente da licitación dun contrato de asistencia técnica para a redacción do correspondente proxecto de trazado e construción, que deberá seguir a tramitación ambiental esixible como consecuencia da presenza do Castro de Preguecido”. Este ano, tras novas preguntas do BNG, a resposta segue a ser exactamente a mesma.*

*Por outra parte, a N-640 ao seu paso polos concellos da Estrada e Cuntis ten unha notábel falta de mantemento por parte do organismo titular desta vía, na que se poden apreciar innumerábeis fochancas ao longo do seu percorrido, así como outro tipo de irregularidades, que fai moi difícil a circulación do tráfico con seguranza e comodidade.*

*Polo estes motivos propoñemos ao Pleno da Corporación a aprobación da seguinte*





## ACORDO:

- 1. O pleno do concello da Estrada insta ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostíbel a adoptar as medidas de seguranza necesarias para evitar máis atopelos na N-640 ao seu paso polo noso concello.*
- 2. O pleno do concello da Estrada insta ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostíbel a impulsar a Variante da Estrada, dotando esta infraestrutura co orzamento necesario que permita o inicio da súa construción antes do remate da presente lexislatura.*
- 3. O pleno do concello da Estrada insta ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostíbel a mellorar a capa de rodadura da N-640 ao seu paso polos concellos da Estrada e Cuntis.*
- 4. Dar traslado do presente acordo á presidencia do goberno do estado e ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostíbel.”*

Visto que a urxencia da nomeada moción é aprobada por unanimidade.

Deliberado sobre o particular, todos os grupos políticos municipais sumáanse á moción do BNG, procedendo á súa votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

### Resolución:

**Primeiro.-** Instar ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostíbel a adoptar as medidas de seguranza necesarias para evitar máis atopelos na N-640 ao seu paso polo noso concello.

**Segundo.-** Insta ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostíbel a impulsar a Variante da Estrada, dotando esta infraestrutura co orzamento necesario que permita o inicio da súa construción antes do remate da presente lexislatura.

**Terceiro.-** Instar ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostíbel a mellorar a capa de rodadura da N-640 ao seu paso polos concellos da Estrada e Cuntis.

**Cuarto.-** Dar traslado do presente acordo á presidencia do goberno do estado e ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostíbel.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

**Expediente 3619/2023. DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 2024-0954 POLO QUE SE DELEGA A ÁREA DE DESENVOLVEMENTO FORESTAL.**

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233







Visto o Decreto da Alcaldía n.º 2024-0945, de 7 de xuño, polo que designa ao concelleiro D. José Conde Trasande á área de Desenvolvemento Forestal e a delegación das facultades de dirección e xestión interna ma mesma.

Vista a proposta de resolución PR/2024/1249, emitida con data 18/06/2024 pola Alcaldía-Presidencia.

### **DÁSE CONTA:**

Do Decreto da Alcaldía n.º 2024-0945, de 7 de xuño, o cal se transcribe literalmente de seguido:

#### *"FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO.*

*Visto que, na sesión extraordinaria e urxente celebrada polo Pleno o 20 de abril de 2024, toma posesión como Alcalde D. Gonzalo Louzao Dono, trala renuncia de D. José Carlos López Campos.*

*Visto o Decreto da Alcaldía n.º 2024-0806, de 20 de maio, polo que se designan as facultades de dirección e xestión de diversas áreas a concelleiras e concelleiros.*

*Visto que, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o 6 de xuño de 2024, toma posesión como concelleiro polo grupo do Partido Popular D. José Conde Trasande, trala renuncia de D. Juan Manuel Constenla.*

*Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 7 de xuño de 2024*

#### **RESOLUCIÓN:**

*Primeiro.- Designar ao concelleiro D. José Conde Trasande á area de Desenvolvemento Forestal, asumindo a súa delegación xenérica incluíndo as facultades de dirección e xestión interna, sen comportar facultades resolutorias mediante actos administrativos que afecten a terceiros.*

*Segundo.- Considerarase que existe aceptación por parte do concelleiro en tanto non formule oposición expresa no prazo de 3 días dende que se lle notifique o acordo, ou ben comece a exercer a delegación.*

*Terceiro.- Os conflitos de competencias que puidese suscitar no exercicio da delegación serán resoltos pola Alcaldía-Presidencia.*

*Cuarto.- Delegar ao concelleiro José Conde Trasande as facultades desta Alcaldía que veñen previstas no Código Civil e nas demais normas concordantes de aplicación, para autorizar, coas formas e procedementos legais, e na súa presenza, a celebración de matrimonios civís, todo elo de forma indistinta cos demais concelleiros e concelleiras*







EXCMO. CONCELLO  
DA ESTRADA

delegadas.

*Quinto.- A delegación xenérica e específica asignada, producirá efecto dende o día da sinatura desta resolución, con independencia da súa notificación ao interesado.*

*Sexto.- Do presente Decreto darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, notificándose ademais ao designado, publicándose no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao do presente.”*

A Corporación en Pleno queda sabedora.

**DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 3 E O 28 DE XUÑO DE 2024 (AMBOS OS DOUS DÍAS INCLUÍDOS)**

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 3 e 28 de xuño de 2024 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2024-0916 ao número 2024-1033 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

**C) ROGOS E PREGUNTAS**

Neste apartado interveñen os voceiros e voceiras dos grupos políticos municipais. Así mesmo, interveñen, en cumprimento co establecido no Regulamento de Participación Cidadá, a seguintes persoas asistentes no público:

- Dna. Balbina Martínez Ramallal (DNI [REDACTED])

Todas as intervencións quedan recollidas no arquivo audiovisual resultante das gravacións efectuadas, formando parte desta acta.

Levántase a sesión sendo as vinte e dúas horas e trinta e tres minutos do día do seu comezo.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co enlace, formando parte da mesma:

<https://aestrada-plenos.tiivii.com/2024/07/08/pleno-concello-de-a-estrada-4-de-julio-2024/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital “hash”:

D4A2EED53F28AAED4B979988F4E4F26B0D6CB17DA9C804DA704306DD96782C73

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

